



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a providencia desta Alcaldía do 15 de maio de 2025, pola que se acorda aprobar as bases e se procede a convocar o proceso selectivo para a contratación laboral dunha (1) persoa para a praza de tractorista-condutor durante o período de incapacidade temporal do titular.

Resultando que publicado o correspondente anuncio na páxina web do concello, presentouse, en tempo e forma, segundo certificación expedida pola encargada do rexistro xeral municipal, unha única solicitude:

NOME E APELIDOS	DNI
JOSE ANTONIO OTERO OTERO	***9315**

Resultando que, de acordo co establecido nas bases que rexen a convocatoria, o único candidato presentado reúne os requisitos esixidos con referencia ao derradeiro día de prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo.

Considerando que, de conformidade co establecido na base 7ª das que rexen a contratación, no suposto de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas, e sempre que os candidatos reúnan os requisitos esixidos, non será precisa a realización do proceso selectivo.

Á vista do anterior, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas para tomar parte no proceso selectivo coinciden co número de prazas convocadas, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, RESOLVO:

Primeiro.- Contratar ao único candidato presentado, D. JOSE ANTONIO OTERO OTERO, para o posto de tractorista que desenvolverá, a xornada completa, durante o período de incapacidade do titular da praza, as tarefas propias do citado posto de traballo de tractorista-condutor para a realización de tarefas de limpeza, mantemento e conservación dos lugares públicos do Concello durante o período de incapacidade temporal do titular da praza.

Segundo.- Comunicar ao seleccionado, mediante chamada telefónica ao número de teléfono que consta no expediente, que deberán presentar nun prazo máximo de 2 días naturais os seguintes documentos:





Concello de Oza-Cesuras

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia da tarxeta sanitaria ou número da seguridade social.

Terceiro.- Que unha vez presentada a documentación indicada anteriormente, se dea traslado da mesma á Xestoría Administrativa para que proceda a dalo de alta na Seguridade Social e proceda á realización da formalización do correspondente contrato.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE

O Secretario ,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

